

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

3901 *Real decreto 255/2013, do 12 de abril, polo que se establecen a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar e polo que se modifican diversas normas relativas ao ámbito e constitución da dita demarcación hidrográfica e da Confederación Hidrográfica do Xúcar.*

O artigo 26 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece que, entre os órganos de goberno, administración e cooperación do organismo de bacía, o Consello da Auga da demarcación é o órgano de participación e planificación.

Ao fío do anterior, co artigo 35 do mesmo texto refundido créase o Consello da Auga da demarcación para fomentar a información, consulta pública e participación activa na planificación hidrolóxica nas demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias.

O obxecto deste real decreto é regular a composición, funcións e atribucións e o réxime de funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, de conformidade co artigo 36 do texto refundido da Lei de augas.

O Consello da Auga da demarcación substitúe o Consello da Auga da bacía creado pola Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

A súa regulación no texto refundido da Lei de augas introduce significativas modificacións en canto ás funcións e composición, respecto da Lei de augas de 1985. Neste sentido, incorpora entre as novas funcións a de promover a información, consulta e participación pública no proceso planificador. Respecto da composición do Consello da Auga da demarcación, o texto refundido da Lei de augas prevé a inclusión, entre os novos vogais, de representantes das entidades locais, dos servizos periféricos de costas, autoridades portuarias e capitanías marítimas e de asociacións e organizacións en defensa de intereses ambientais, económicos e sociais relacionados coa auga.

En canto ao número e distribución dos representantes das comunidades autónomas no Consello da Auga, a nova regulación mantén as determinacións establecidas na antiga Lei 29/1985, do 2 de agosto, e deberá efectuarse en función do número de comunidades autónomas da demarcación e da superficie e poboación delas incluídas nela, cun mínimo dun representante por cada comunidade autónoma. Estes criterios aplicáronse considerando, en todo caso, que o número total de vogais do Consello non dificulte gravemente a súa operatividade.

En atención a isto, o número de vogais no Consello da Auga da demarcación hidrográfica en representación das comunidades autónomas establécese como o existente no anterior Consello da Auga da bacía, coa incorporación engadida dun vogal para a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia. Esta comunidade xa participa no Comité de Autoridades Competentes conforme o Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, pois a Demarcación Hidrográfica do Xúcar inclúe unha pequena superficie do territorio murciano. Por mor desta inclusión, faise necesario recalcular a representación do resto das comunidades autónomas, logrando un novo axuste que require a consideración dun vogal adicional en representación da Comunidade Valenciana. Este incremento de vogais en representación das comunidades autónomas obriga a incrementar tamén a representación dos usuarios para manter o grao de participación que lles corresponde.

No artigo 2 recóllense, como funcións e atribucións do Consello da Auga da demarcación, as que lle son atribuídas no texto refundido da Lei de augas, no Real

decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica, así como outras atribucións que asignaban ao Consello da Auga da bacía o Regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e a Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.

A constitución efectiva do Consello require dun prazo para a elección e designación dos vogais, para o cal na disposición adicional primeira se establece un prazo de tres meses, período durante o cal continuará existindo e exercendo as súas competencias o Consello da Auga da bacía, segundo se establece na disposición transitoria única.

En definitiva, este real decreto establece as directrices que se deben observar para a constitución do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, para así proceder ao cumprimento das funcións e atribucións que lle outorga o texto refundido da Lei de augas e demais normativa vixente.

Neste sentido, o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 30/2011, do 16 de marzo, pronúnciase sobre a constitucionalidade do principio de unidade de xestión da bacía hidrográfica (ao fío do expresado nas STC 161/1996 e 118/1998) a cuxo concepto hai que engadir o de «demarcación hidrográfica» e, ao mesmo tempo, rexeita «calquera interpretación do establecido na Constitución co obxecto da distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas que acolla un modelo de xestión fragmentada, posto que se debe facer unha interpretación sistemática do artigo 149.1.22.^a da Constitución en relación co seu artigo 45.2, que reclama a utilización racional dos recursos naturais, polo que, entre as diversas interpretacións posibles das regras de distribución de competencias, só cabe apoiar aquelas que razoablemente permitan cumprir o dito mandato» (F.X. 5.^o e 6.^o).

Ao abeiro do marco fixado polo Tribunal Constitucional, o Tribunal Supremo, durante o mes de setembro de 2011, resolveu dous recursos contencioso-administrativos con n.^o 107/2007 e n.^o 60/2007, respectivamente, relativos a unha cuestión de ilegalidade tramitada contra determinados preceptos do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se delimita o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

O primeiro dos procedementos mencionados resolveuse na Sentenza do Tribunal Supremo do 27 de setembro de 2011, que declara radicalmente nula a delimitación do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica do Xúcar establecida no artigo 2.3 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, ao entender que a exclusión, do ámbito da demarcación, das bacías intracomunitarias da Comunidade Valenciana responde a razóns territoriais cando «a delimitación da demarcación hidrográfica debe basearse en límites hidrolóxicos e non administrativos» (F.X. 3.^o). E todo isto baixo a premisa de que tampouco «as razóns competenciais poderían alterar o principio reitor para a planificación e xestión da auga contido no ordenamento comunitario europeo e no ordenamento interno español, que non é outro que o recollido no artigo 45.2 da nosa Constitución, tendente a unha utilización racional dos recursos naturais, e que exige, conforme os artigos 2, punto 15, e 3, punto 1, da Directiva marco da auga, a unidade de xestión dese recurso, baseada en límites hidrolóxicos e non competenciais ou administrativos» (F.X. 7.^o).

Respecto ao segundo dos recursos, o Tribunal Supremo, na súa Sentenza 6172/2011, do 22 de setembro, considera conforme co ordenamento xurídico o artigo 2.2, a disposición transitoria única e a disposición derradeira primeira do mencionado Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, tendo en conta que é o desenvolvemento regulamentario do artigo 16 bis do texto refundido da Lei de augas polo que se incorpora *ex novo* a noción de demarcación hidrográfica como criterio reitor da planificación hidrolóxica no canto do de bacías hidrográficas, criterio exixido pola Directiva 2000/60/CE do 23 de outubro, do Parlamento e o Consello, que establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas. Así, no seu F.X. 8.^o declara «a substantividade propia da demarcación hidrográfica que asenta o seu ámbito territorial incluíndo, polo que agora interesa, as bacías intracomunitarias, no caso de comunidades autónomas que non asumisen efectivamente a competencia de augas, de que son titulares, ao non se materializaren as transferencias de medios e servizos. Ademais, a dita fixación da demarcación nestes supostos faise con carácter provisional como insiste a disposición

xeral contra a cal se recorre». E todo isto baixo a tesitura de que «a solución contraria á exposta faría que se resentise a racionalidade do sistema, non só creando os indicados baleiros na xestión dos recursos hídricos (se a Administración xeral do Estado se inhibe respecto das bacías intracomunitarias non traspasadas) con grave repercusión para o interese xeral, senón tamén introducindo unha sorte de tallante escisión que bloquearía a xestión da auga e sometería esta a unha sorte de lenta descomposición» (F.X. 11.º).

Por outra banda, a Sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 2004, sobre o recurso de casación 3154/2002, e abordada nas STS do 22 e 27 de setembro, recoñecía a existencia de bacías intracomunitarias da Comunidade Valenciana e endorreicas da Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha (F.X. 6.º), o que se debe ter en conta á hora de delimitar o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar. Neste sentido, o artigo 21 do texto refundido da Lei de augas determina que nas bacías hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, é dicir, bacías hidrográficas intercomunitarias, se constituirán organismos de bacía coa denominación de confederacións hidrográficas; o que non é óbice para que tamén asuman provisionalmente a xestión das bacías intracomunitarias non transferidas de conformidade coas mencionadas sentenzas do Tribunal Supremo de 2011.

Debe, por tanto, procederse, en virtude do artigo 16 bis.5 e do 22.3 do texto refundido da Lei de augas, a efectuar unha nova delimitación da Demarcación Hidrográfica do Xúcar e do ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar, á vista da fundamentación e resolución das sentenzas citadas e no marco da recente Sentenza do Tribunal Constitucional 149/2012, do 5 de xullo.

Nesta sentenza o Alto Tribunal, con ocasión de resolver o recurso de inconstitucionalidade interposto pola Comunidade Autónoma de Andalucía contra determinados preceptos da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, define o alcance do mencionado artigo 16 bis.5 do texto refundido da Lei de augas (incorporado pola Lei 62/2003, do 30 de decembro), considerando que o dito artigo «non permite ao Estado incluír na mesma demarcación hidrográfica bacías intercomunitarias de competencia estatal e bacías intracomunitarias de competencia autonómica, pois o certo é que, de ser así, isto debería ter o seu reflexo na regulación dos aspectos organizativos que recolle a lei.» (F.X. 7.º).

En consecuencia, a Demarcación Hidrográfica do Xúcar non configura unha demarcación mixta, cuxa existencia xurídica é rexeitada polo Tribunal Constitucional baixo a premisa de que «en ningún precepto da Lei de augas se menciona ou prevé a existencia de demarcacións mixtas, nin existe ningunha base xurídica neste momento coa actual regulación para a súa creación, á marxe, está claro, de eventuais convenios, para o efecto, entre o Estado e as comunidades autónomas.» (F.X. 7.º da STC 149/2012).

Para os efectos anteriores, e tendo presente os pronunciamentos xudiciais mencionados, mediante as disposicións derradeiras primeira e terceira modifícanse, respectivamente, o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, e o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro.

Así mesmo, tendo en conta a peculiar situación na asignación histórica de recursos en diversos territorios limítrofes con outras demarcacións hidrográficas, e para os efectos de garantir unha máis racional planificación e xestión da auga, incorpórase unha disposición adicional oitava no mencionado Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, que prevé a coordinación dos organismos de bacía correspondentes á hora de elaborar os plans hidrolóxicos, quedando finalmente supeditado ao que, de ser o caso, decida respecto disto o Plan hidrolóxico nacional.

Por último, para os efectos de garantir un modelo de xestión integrado e non fragmentario no ámbito da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, e tendo en conta as peculiaridades hidrolóxicas das bacías que a integran, resulta preciso incorporar, para tal fin, unha disposición transitoria en relación coa adscrición das bacías intracomunitarias non traspasadas da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, así como das súas augas de transición e das costeiras correspondentes.

Esta adscripción é provisional e acabará cando as comunidades autónomas afectadas asuman de maneira efectiva as competencias sobre as ditas bacías hidrográficas, momento no cal se deberá proceder á revisión do ámbito das demarcacións hidrográficas concernidas.

Doutra banda, a disposición derradeira segunda modifica o Real decreto 924/1989, do 21 de xullo, coa pretensión de reforzar a presenza dos representantes dos regadores na Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Xúcar, para garantir adecuadamente a defensa dos seus intereses, pois a agricultura é un sector en pleno desenvolvemento que debe ir trasladando de forma progresiva a presión de uso das augas superficiais sobre os recursos subterráneos. Neste sentido, considérase conveniente remarcar a presenza dos representantes dos usuarios de augas subterráneas na Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica do Xúcar; pasan de cinco a sete os representantes dos usuarios de auga para regadío.

Segundo o antes exposto, este real decreto constitúe un paso necesario para o desenvolvemento do proceso de planificación hidrolóxica da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, que ten como finalidades principais atender as demandas de auga da demarcación e de forma prioritaria os abastecementos urbanos, resolvendo problemáticas anteriormente xeradas, como é a do abastecemento a Albacete, e alcanzar os obxectivos ambientais nas súas masas de auga superficial e subterránea, garantindo a racionalidade na xestión e planificación dos recursos hídricos, así como a unidade de xestión en sistemas como o do Vinalopó-Alacantí.

O real decreto recibiu informe favorable do Pleno do Consello Nacional da Auga, no cal participan as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de abril de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. É obxecto deste real decreto a regulación da composición, estrutura e funcionamento e atribucións do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, conforme o previsto no artigo 36 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

2. Conforme o artigo 26.3 do texto refundido da Lei de augas, o Consello da Auga é o órgano de participación e planificación da Confederación Hidrográfica do Xúcar.

Artigo 2. *Funcións do Consello.*

1. Corresponden, con carácter xeral, ao Consello da Auga da demarcación as seguintes funcións:

- a) Promover a información, consulta e participación pública no proceso planificador.
- b) Elevar ao Goberno, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Plan hidrolóxico da demarcación e as súas posteriores revisións.
- c) Emitir informe sobre as cuestións de interese xeral para a demarcación.
- d) Emitir informe sobre as cuestións relativas á protección das augas e á mellor ordenación, explotación e tutela do dominio público hidráulico ou as que lle sexan encomendadas polo presidente ou a Xunta de Goberno do organismo de bacía.

2. En relación co proceso de planificación hidrolóxica serán, así mesmo, labores específicos do Consello da Auga da demarcación:

- a) Emitir informe sobre a proposta da Xunta de Goberno de proceder á revisión do Plan hidrolóxico.

b) Emitir informe preceptivo sobre o esquema provisional de temas importantes en materia de xestión de augas previsto no artigo 79.6 do Regulamento de planificación hidrolóxica aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

c) Emitir informe preceptivo sobre a proposta de proxecto de Plan hidrolóxico e as súas posteriores revisións con carácter previo ao seu envío ao Goberno para a súa aprobación.

d) Emitir informe sobre os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca con carácter previo á súa aprobación.

3. Serán, igualmente, labores e atribucións do Consello da Auga da demarcación os seguintes:

a) Emitir informe sobre a delimitación dos perímetros de protección de acuíferos, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno.

b) Emitir informe sobre a determinación dos perímetros de acuíferos dentro dos cales non será posible o outorgamento de novas concesións de augas subterráneas, con carácter previo á súa aprobación.

c) Emitir informe acerca das modificacións sobre a largura das zonas de servidume e de policía, do dominio público hidráulico, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno.

d) Calquera outra que lle sexa legalmente atribuída.

Artigo 3. *Estrutura.*

1. O Consello da Auga da demarcación poderá actuar en pleno e en comisións.

2. O Pleno poderá acordar a constitución de comisións específicas para o estudo e informe dos asuntos que aquel decida encomendarlle.

3. Existirá, en todo caso, unha Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá para o estudo e informe dos asuntos que o Pleno decida encomendarlle en relación coa planificación hidrolóxica e a participación cidadá, cuxa composición se establece no artigo 7.

Artigo 4. *Composición do Pleno.*

1. O Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar estará constituído polo presidente, dous vicepresidentes, un secretario e os vogais que se concretan no artigo seguinte.

2. Será presidente do Consello o do organismo de bacía. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, será substituído polo comisario de augas da Confederación Hidrográfica do Xúcar.

3. A Vicepresidencia Primeira corresponderá ao vogal que resulte elixido por e entre os que representen as comunidades autónomas. A Vicepresidencia Segunda recaerá sobre o vogal que resulte elixido por e entre os vogais representantes dos usuarios. En ambas as situacións o cesamento como vogal implicará, en todo caso, o cesamento como vicepresidente.

4. Como secretario do Consello, con voz pero sen voto, actuará o secretario xeral do organismo de bacía. En caso de vacante, enfermidade ou outra causa legal, será substituído por un funcionario do organismo de bacía designado polo presidente.

Artigo 5. *Distribución de vogais.*

En función dos criterios que recolle o artigo 36.1 do texto refundido da Lei de augas, serán vogais do Consello da Auga da demarcación:

a) En representación dos departamentos ministeriais relacionados coa xestión das augas e o uso dos recursos hidráulicos, os seguintes vogais: Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tres vogais; Industria, Enerxía e Turismo, dous vogais; Fomento, dous

vogais; Facenda e Administracións Públicas, dous vogais; Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, un vogal; Defensa, un vogal; Interior, dous vogais, e Economía e Competitividade, un vogal.

b) En representación dos servizos técnicos do organismo de bacía, o comisario de Augas, o director técnico e o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica; das unidades periféricas de Alacant, Valencia e Castelló de la Plana da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, un vogal por cada unha; das capitánías marítimas de Alacant, Valencia e Castelló de la Plana, un vogal por cada unha; das autoridades portuarias dos portos de interese xeral de Alacant, Valencia e Castelló, un vogal por cada unha, e en representación dos portos de titularidade autonómica, un vogal pola Comunidade Valenciana.

c) En representación das comunidades autónomas, os seguintes vogais: Aragón, dous vogais; Castilla-La Mancha, seis vogais; Cataluña, un vogal; Rexión de Murcia, un vogal; e Comunidade Valenciana, once vogais.

d) En representación das entidades locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación, tres vogais.

e) En representación dos usuarios, vinte e nove vogais.

f) En representación das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, económicos e sociais relacionadas coa auga, seis vogais coa seguinte distribución: asociacións agrarias, dous vogais; asociacións ecoloxistas, dous vogais; asociacións empresariais, un vogal e organizacións sindicais, un vogal.

Artigo 6. *Designación dos vogais.*

A designación de vogais do Consello da Auga da demarcación efectuarase do modo seguinte:

a) Os vogais en representación dos departamentos ministeriais e das unidades periféricas de Costas da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar serán designados polo ministerio correspondente. As capitánías marítimas estarán representadas polo seu titular. Os vogais en representación das autoridades portuarias de Valencia, Alacant e Castelló serán designados polo seu respectivo consello de administración; e o representante dos portos de titularidade autonómica da Comunidade Valenciana será designado polo órgano autonómico competente para o efecto.

b) Os vogais en representación das comunidades autónomas serán designados polo órgano autonómico competente para o efecto.

c) Os vogais en representación das entidades locais serán designados pola Federación Española de Municipios e Provincias, tendo en consideración a proposta das federacións territoriais de municipios, por un período de tres anos.

d) Os vogais en representación dos usuarios serán elixidos, por un período de tres anos, entre os membros da asemblea de usuarios do organismo de bacía, polos representantes nela de cada unha das clases de aproveitamentos, respectando a proporcionalidade que existe na asemblea.

e) Os vogais en representación das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, económicos e sociais serán designados, por un período de tres anos, polo titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta das asociacións e organizacións con maior implantación ou máis representativas na demarcación hidrográfica.

f) Para cada un dos vogais do Consello poderase designar un suplente.

g) Os suplentes serán designados na mesma forma que o titular. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, as organizacións representativas de intereses sociais e demais membros do Consello poderán substituír os seus membros titulares por outros, acreditándoo ante a Secretaría do Consello.

Artigo 7. *Composición da Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá.*

1. A Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá estará presidida polo presidente do Consello da Auga da demarcación e integrada por vogais do dito consello, na seguinte forma: tres polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, un polo Ministerio de Fomento, un polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, un polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e un polo Ministerio de Economía e Competitividade; polas comunidades autónomas, os seguintes representantes: un por Aragón, dous por Castilla-La Mancha, un por Cataluña, un pola Rexión de Murcia e tres pola Comunidade Valenciana; doce representantes dos usuarios, debendo estar representados sempre os usos de abastecemento, regadíos e usos enerxéticos; dous representantes das entidades locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación e catro representantes das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, económicos e sociais relacionados coa auga, distribuídos da seguinte maneira: un representando os intereses ambientais, un os económicos, un os sindicais e un os agrarios.

2. A elección do representante de cada grupo farase entre os seus membros e por un período de tres anos. Ademais, integraranse na Comisión o comisario de augas, o director técnico e o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía. Como secretario da Comisión actuará o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica.

Artigo 8. *Réxime de funcionamento.*

1. O Consello da Auga da demarcación poderá elaborar un regulamento de réxime interior que regule o seu funcionamento, que deberá ser aprobado polo Pleno.

2. Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste real decreto, o Consello axustará o seu funcionamento ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o funcionamento dos órganos colexiados.

3. O Pleno do Consello reunirse cando o considere necesario o presidente e, en todo caso, polo menos unha vez ao ano.

4. Malia o previsto no punto anterior, o presidente poderá someter un asunto determinado á consideración do Consello solicitando as observacións dos seus membros á cuestión mediante procedemento escrito, sen necesidade de celebración do Pleno do Consello ou as súas comisións, por razóns de urxencia. Non se poderá utilizar este procedemento cando se trate da discusión e informe do Plan hidrolóxico de bacía, salvo que xa se debatese con anterioridade en pleno ou supoña modificacións non relevantes. Unha vez iniciado o dito procedemento, o Pleno do Consello ou as súas comisións deberán pronunciarse nun prazo non superior a un mes; entenderase substanciado o mencionado trámite unha vez transcorrido o dito prazo.

5. Ás sesións das comisións do Consello da Auga da demarcación poderán asistir, cando así o acorde o presidente do Consello, funcionarios do organismo de bacía ou das administracións autonómicas implicadas, así como representantes das organizacións agrarias e de usuarios non concesionais ou outras persoas de recoñecido prestixio e experiencia en materia de augas, con voz pero sen voto, cuxa asistencia será voluntaria e sen ningunha remuneración.

6. Os asuntos que se deban someter ao Consello da Auga da demarcación serán preparados pola Xunta de Goberno do organismo de bacía.

7. Para todos os acordos do Pleno, así como as distintas eleccións, aplicarase o principio de maioría. En caso de empate ou de non chegar a acordo, resolverá o presidente do Consello.

Artigo 9. *Órganos de apoio.*

O órgano de apoio técnico do Consello da Auga da demarcación será a Oficina de Planificación Hidrolóxica do organismo de bacía.

Disposición adicional primeira. *Constitución do Consello da Auga da demarcación.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Confederación Hidrográfica do Xúcar, levará a cabo as actuacións necesarias para que o Consello da Auga da demarcación se constitúa no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Constitución da Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá.*

Tras a constitución do Consello, a Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá deberá constituírse nun prazo non superior a un mes.

Disposición adicional terceira. *Réxime económico.*

A constitución e o funcionamento do Consello da Auga da demarcación regulado neste real decreto non suporá ningún incremento do gasto público e atenderase cos recursos persoais e materiais existentes na Confederación Hidrográfica do Xúcar.

Disposición transitoria única. *Consello da Auga da bacía.*

Mentres non estea constituído o Consello da Auga da demarcación, continuará existindo e exercendo as súas propias funcións o Consello da Auga da bacía.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o artigo 5 do Real decreto 924/1989, do 21 de xullo, polo que se constitúe o organismo de bacía Confederación Hidrográfica do Xúcar.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, queda modificado como segue:

Modifícase o punto 8 do artigo 1, que queda redactado do seguinte modo:

«8. *Confederación Hidrográfica do Xúcar.* Comprende o territorio das bacías hidrográficas intercomunitarias e, provisionalmente, mentres se efectúa o correspondente traspaso de funcións e servizos en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos, o territorio das bacías hidrográficas intracomunitarias comprendidas entre a marxe esquerda da Gola del Segura na súa desembocadura e a desembocadura do río Cenia, incluída a súa bacía; e, ademais, a bacía endorreica de Pozohondo.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 924/1989, do 21 de xullo, polo que se constitúe o organismo de bacía Confederación Hidrográfica do Xúcar.*

O Real decreto 924/1989, do 21 de xullo, polo que se constitúe o organismo de bacía Confederación Hidrográfica do Xúcar, queda modificado como segue:

Modifícase a alínea b) do artigo 4, que queda redactada do seguinte modo:

«b) Usuarios:

De abastecemento a poboacións: dous representantes.

De regadío: sete representantes.

De usos enerxéticos: un representante.

Doutros usos: dous representantes.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.*

O Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 2, que queda redactado do modo seguinte:

«3. Demarcación Hidrográfica do Xúcar.

Comprende o territorio das bacías hidrográficas intercomunitarias e, provisionalmente, mentres se efectúa o correspondente traspaso de funcións e servizos en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos, o territorio das bacías hidrográficas intracomunitarias comprendido entre a marxe esquerda da Gola del Segura na súa desembocadura e a desembocadura do río Cenía, incluída a súa bacía; e, ademais, a bacía endorreica de Pozohondo, xunto coas augas de transición. As augas costeiras teñen como límite sur a liña con orientación 100º que pasa polo límite costeiro entre os termos municipais de Elche e Guardamar del Segura e como límite norte a liña con orientación 122,5º que pasa polo extremo meridional da praia de Alcanar.»

Dous. Engádese unha nova disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Coordinación entre organismos de bacía.*

Nas zonas situadas dentro do territorio da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, que viñesen tradicionalmente recibindo recursos da Demarcación Hidrográfica do Segura, a asignación de recursos na planificación hidrolóxica efectuarase de forma coordinada entre ambos os organismos de bacía e quedará finalmente supeditada ao que, de ser o caso, decida respecto diso o Plan hidrolóxico nacional.»

Tres. A disposición transitoria única pasa a ser disposición transitoria primeira e incorpórase unha disposición transitoria segunda que queda redactada do modo seguinte:

«Disposición transitoria segunda. *Adscripción provisional das bacías non traspasadas da Demarcación Hidrográfica do Xúcar.*

1. Na Demarcación Hidrográfica do Xúcar poderán segregarse bacías hidrográficas intracomunitarias cando esta segregación non menoscabe a eficiencia na planificación e na xestión da auga e segundo se produza a transferencia das funcións e servizos en materia de auga á comunidade autónoma competente.

2. A adscripción de bacías intracomunitarias non traspasadas da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, así como das súas augas de transición e das costeiras correspondentes, será provisional ata que se produza a transferencia das funcións e servizos en materia de auga a que se fai referencia no punto anterior. A continuación procederase a revisar a delimitación do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica do Xúcar.

3. A revisión do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, conforme o previsto nos puntos anteriores, irá acompañada, de ser o caso, dunha revisión do ámbito territorial da Confederación Hidrográfica, que se efectuará por real decreto que modificará este real decreto, así como os que regulan a composición dos seus órganos de goberno, administración e cooperación, de acordo co previsto no artigo 26 do texto refundido da Lei de augas.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación, ordenación e

concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de abril de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE